

Para conmemorar o Día de Rosalía e sumarnos ás XXVI Xornadas arredor da camelia locais, o EDLG deseñou un paquete de actividades que denominamos "Camelias para Rosalía" e para o que contamos co apoio do concello de Vedra.

A coincidencia das dúas festas na mesma semana levounos a programar actuacións ligadas en honra de Rosalía empregando como alicerce a flor por excelencia de Vedra, a camelia.

As actividades que se desenvolverán neste 23 de febreiro e que se viñeron e virán sucedendo ao longo de toda a semana son as que detallamos deseguido:

1. ROLDA DE LECTURA ROSALIANA

O luns 21 gravamos a lectura dunha escolma de poemas de Follas novas. Participaron os rapaces e rapazas de 4º e 3º da ESO.

[Nesta ligazón podedes acceder ao repositorio de fotos.](#)

2. ELABORACIÓN DUN PÓSTER COLABORATIVO

O martes 22 presentamos un póster colaborativo en cuxos pétalos inserimos poesías de Cantares Gallegos e de Follas novas. Foi obra do alumnado de 1º e 2º da ESO.

3. PLANTACIÓN SIMBÓLICA DE CAMELIAS

O mércores 23 está prevista a plantación de camelias nos arredores do centro. A intervención contará co alcalde de Vedra, Carlos Martínez, quen acompañará a primeira hora o director e os rapaces de 4º da ESO, curso elixido para representar a ESO neste acto.

Ao longo da mañá, irán sucedéndose as plantacións no resto dos niveis.

4. DIVULGACIÓN DE MATERIAIS AUDIOVISUAIS CREADOS POR EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Corresponden a vídeos e gravacións de poemas que foron as achegas de educación infantil e primaria para esta celebración.

[Nesta ligazón podes acceder ao vídeo de EI.](#)

Viñeron acompañados de intervencións plásticas no centro educativo.

Unha boa parte destes materiais mostraranse ao público asistente á Festa da Camelia de Santa Cruz de Ribadulla a última fin de semana de febreiro.

Nos próximos días seguiremos informando sobre o desenvolvemento e os resultados das ditas actividades a través do web do centro educativo <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpidevedra/> e do Facebook Vedra medra.

Xulia Marqués

Coordinadora do EDLG e **Vedra medra**